



UN ESPECTÁCULO DE TEATRO E DANZA
PARA TODA A FAMILIA
INSPIRADO NA ARTE DE MARUXA MALLO

CARAMUXO  TEATRO

AGADIC  Agencia Galega das
Industrias Culturais

 XUNTA
DE GALICIA

 Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

 MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

A COMPAÑÍA

CARAMUXO TEATRO

Caramuxo Teatro é unha compañía de Teatro Infantil e familiar nada na Coruña no 2003, formada por Juan Rodríguez e Laura Sarasola.

No ano 2003 estrea o primeiro espectáculo para bebés feito en Galicia : "Glub Glub" co que realizaron máis de 150 funcións. No 2008 estrea outro espectáculo para a primeira infancia: "Zapatos", espectáculo polo que obteñen unha mención especial na XXVI Mostra Internacional de Vall d'Albaida e a distinción de "Espectáculo recomendado pola Rede Nacional de Teatros". No 2012 estrea "Ñam", tamén para bebés, no que se mistura teatro e cociña e no 2013 leva a cabo "Os Encontros dos Axóuxeres" para a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. No 2014, "Na Casa" recibe tamén o "R de espectáculo Recomendado pola Rede Nacional de teatros".

Actualmente, ademáis de traballar nunha liña específica para bebés, ten en carteleira espectáculos para o público infantil e familiar. Dende os inicios mistura diferentes técnicas, teatro de actor, títeres, danza... tanto nos espectáculos para bebés como nos de público familiar, producindo multitude de producións entre as que destacan "Mensaxe sen botella" e "Pío" (Seleccionadas para participar en FETEN), "Historia dunha semente", "Animaliños", "As Fabas Máxicas" ou "Feo" (Premio María Casares ao mellor espectáculo infantil no 2016. Ten experiencia no eido audiovisual na primeira e segunta tempada da serie "Os Bolechas", para a segunda canle da TVG.

A liña de traballo céntrase nuns textos elaborados a partir da experiencia no eido educativo, cunha estética coidada e unha escolla musical axeitada de modo que o resultado sexa un traballo poético emotivo e visual para gozar en familia.

Caramuxo Teatro quere conseguir ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel educativo e cultural ademais do artístico, que consigan a fidelización do público.

Un obxectivo fundamental que se traballa en cada espectáculo é crear momentos de ocio para toda a familia, dos que podan participar tanto os bebés e os nenos coma os pais ou avós.

Outro obxectivo é colaborar na medida do posible con outros artistas galegos de outras disciplinas como poden ser deseñadores, músicos, bailaríns, que aporten elementos enriquecedores ás propostas, aparte de apoiar ós profesionais que traballan en distintos eidos artísticos moi relacionados coas artes escénicas.



Obxetivos da compañía :

- Traballar na creación para público familiar, tendo en conta a creación de momentos de ocio, que o neno e o adulto podan compartir.
- Respalda e difundir características da cultura galega en xeral (idioma, historia, espazos, creadores...) dentro e fora do panorama cultural autonómico.
- Colaborar con profesionais da ensinanza e outras disciplinas artísticas para amplicar o teatro e a arte en xeral como ferramenta de aprendizaxe.
- Buscar colaboracións de profesionais da imaxe, vestuario, cartelería... con ilustradores, deseñadores, fotógrafos, compositores, etc.. do panorama artístico galego e poder mellorar a calidade dos espectáculos, ao mesmo tempo que se pon en funcionamento a engranaxe laboral do sector teatral global.
- Manter o nivel de calidade dos espectáculos estreados e aproveitar as axudas para crear proxectos cada vez máis coidados e con máis risco.
- Ampliar o espectro de distribución dos espectáculos dentro e fora da comunidade autónoma galega.



INTERESE CULTURAL E ARTÍSTICO , relevancia e singularidade do proxecto e obxectivos.

“**ELA**”, é o novo proxecto de Caramuxo Teatro inspirado na obra e na figura de Maruxa Mallo. O punto de partida é o de crear un espectáculo que dé a coñecer e a homenaxear a unha das mais importantes mulleres representantes das vangardas artísticas a nivel internacional do seu momento. Pensamos que é importante e motivador crear espectáculos a partir de persoas que deixaron pegada no panorama pictórico e na vida cultural . Ademáis con este espectáculo queremos poner o noso grao de aréa na celebración do ano adicado a Maruxa Mallo (Día das Artes Galegas 2017).



Maruxa Mallo foi unha adiantada ao seu tempo, non recoñecida da bondade. As súas creacións foron admiradas a ambos lados do Océano, tanto na vangarda madrileña nos anos 20, como nos anos 40 xa en Bos Aires ou Uruguai. Unha artista surrealista cunha creatividade teatral, non só na súa obra plástica senón na súa propia vida como muller. Os elementos característicos da súa pintura nas diferentes fases de creación, aportan unha boa base para a creación dun espectáculo de corte contemporáneo no que se misture a linguaxe teatral, e a propia arte plástica da pintora.



Nada en Viveiro, a profesión do seu pai -funcionario de aduanas- levouna a residir en distintas provincias españolas até a definitiva instalación da familia en Madrid en 1922. Anos máis tarde ingresa na Academia de Belas Artes e empeza a relacionarse coa nova xuventude de poetas e artistas que irrompen na escena española, algúns deles conformarían a Xeración do 27. Coñece a Salvador Dalí e á poetisa Concha Méndez, que a introducen no círculo da Residencia de Estudiantes, onde estreita lazos de amizade e camaradería con Lorca, Buñuel e en especial con Rafael Alberti, co que mantén unha relación amorosa importante e longo tempo silenciada tanto na súa biografía como na do poeta. Concha Méndez e Maruja pasearon por Madrid como mulleres modernas e emancipadas, manexando bicicletas, facendo deporte, asistindo aos cafés, a eventos literarios ou a verbenas populares. Nestes anos, Maruja crea a súa propia linguaxe artística, atenta aos ecos das distintas vangardas que empezan a chegar a España -futurismo, surrealismo, cine- e cos ollos abertos á arte popular. Mistura todo coa súa particular interpretación. En 1928 Ortega y Gasset brindalle os salóns da Revista de Occidente para realizar a súa primeira exposición, se converte entón nunha das protagonistas da tensión creadora que se viviu en España dende os derradeiros anos vinte até a Guerra Civil. O debut estivo arroupado por comentarios e recensións de prensa, referendado por intelectuais e pola alta sociedade madrileña fascinada por aquelas combinacións de elementos festivos e burlescos, pola alegría da cor, as distorsionadas composicións das súas verbenas e polas atléticas mulleres que protagonizan as súas estampas deportivas.



A finais de 1928 pasa por unha inflexión e un acercamento particular cara ao surrealismo froito dos seus avatares persoais e da relación que establece con Alberto Sánchez e Benjamín Palencia. Baixo o nome da Escuela de Vallecas percorreren as paisaxes desapracibles e duras que rodean Madrid, as zonas finais do urbano e o inicio do contorno rural. Atraíanlle, segundo as súas propias palabras, "os espazos cubertos por cinzas, as superficies inundadas polo limo habitadas por vexetais ásperos, cloacas empurradas polos ventos, campanarios atropelados polos vendavais". Até 1931 explora este tipo de paisaxes que darán lugar á serie "Cloacas e campanarios", que compaxina con colaboracións en escenarios teatrais, coa realización de debuxos para a portada da Revista de Occidente e o deseño de cubertas de libros.



No 1931 viaxa a París, acompañada do seu pai, onde permanece varios meses e expon a súa obra. Numerosos intelectuais e artistas como Picasso e André Bretón visitan e acollen con entusiasmo a mostra. O seu regreso a Madrid, a finais de 1932, supón un novo xiro no seu estilo. As súas novas series "Arquitecturas minerais", inspiradas en pedra, e "Arquitecturas vegetais", poboadas por estrañas froitas, son teas que aínda que manteñen a sobriedade cromática someten agora as súas formas a esquemas xeométricos. Durante esta época combina o seu traballo artístico cunha intensa actividade de compromiso coa República.

Previo ao estalido da Guerra Civil, no 1936, realiza una obra clave para o período artístico que desenvolverá ao outro lado do Atlántico: "La sorpresa del trigo". Este cadro mural, primeiro da serie "La religión del trabajo", presidirá a súa derradeira exposición en España, promovida polo grupo ADLAN. A Guerra Civil sorpréndea en Galicia, onde viaxa coas Misións Pedagóxicas, e aquí permanece até 1937. Este mesmo ano, tras embarcar en Portugal, chega ao porto de Bos Aires onde é recibida como unha artista de renome. Dará numerosas entrevistas e conferencias, escribe artigos e realiza a súa obra pictórica "Arquitectura humana", debedora de "A sorpresa do trigo". Seguirá traballando en lenzos que compoñen un amplo ciclo dedicado a dous temas principais: o mar e a terra. Viaxa moito por Latinoamérica. En Chile coincide co seu amigo Pablo Neruda. En 1942 Ramón Gómez de la Serna e Atilio Rossi dedícanlle un libro editado pola Editorial Losada. No tocante ao traballo artístico realiza varias series: "Retratos bidimensionais" sobre rostros femininos de fronte e perfil, imaxes planas e prototípicas; "Bailarinas"; "Máscaras"; esquemáticos debuxos reunidos en "Arquitecturas" e, finalmente, "Naturezas vivas", variacións sobre estraños seres zoomórficos inspirados na xeoloxía e na fauna sudamericana. Estas últimas son unha serie de gravados, debuxo e óleo que se alongan até o ano 1960, cando decide voltar a España. A súa obra é cada vez máis valorada por galeristas e críticos, especialmente a crítica española máis nova, que ve nela a encarnación dunha vangarda ocultada polo franquismo. Tras a morte de Franco chegalle o recoñecemento total; a súa culminación podería establecerse na Medalla de Ouro de Belas Artes, no 1982, e na exposición antolóxica que en 1993 lle dedica, entre unha forte polémica polo inadecuado do momento, o Centro Galego de Arte Contemporánea. Para entón Maruja está xa moi enferma. Encamada, rodeada de postais e recordos, morre o 6 de febreiro de 1995 na residencia de anciáns Menéndez Pidal de Madrid.

Este espectáculo parte da experimentación a partir de elementos escollidos de pinturas de Maruxa Mallo para crear unha poesía visual que resalte a obra desta magnífica pintora surrealista. Pretendemos partir das diferentes fases da pintora dende os seus inicios na época de creación de *As Verbenas*, que falan mais do mundo popular cheo de vitalidade, pasando pola época da creación da serie *Cloacas e Campanarios*, moito mais escura, ou na serie de *Arquitecturas minerais e arquitecturas vexetais*, que se caracterizan pola mistura de texturas e unha admiración a xeométrica implícita nos elementos naturais e orgánicos. Aproveitar tamén as súas creacións de decorados e figurinos para a ópera Clavileño de Rodolfo Halffter que non chegou a ser estreada polo comezo da guerra civil española, no auditorio da Residencia De Estudiante. Ademais das creacións realizadas en Arxentina e Uruguai, na serie *La Religión del Trabajo*, na que utiliza elementos tan característicos xeométricos na que idealiza a mariñeiros e campesinos. Mais adiante traballa na serie *Máscaras*, na que mantén a simetría característica de moitas das súas obras nas que se recoñece a súa disciplina analítica da vida. E xa na súa serie *Moradores del vacío* onde reflexa un sentimento mais existencialista.



Toda esta información en forma de cadros pode ser transformada nun espectáculo de teatro-danza, a través da xeneralización e a combinación de elementos en forma de xogos coreográficos, máscaras, teatro de obxectos, video mapping, deseños de luces e música, que fagan unha homenaxe e unha reivindicación respetuosa da figura e a obra de Maruxa Mallo.

Trátase de crear un espectáculo de teatro-danza fundamentalmente visual, no que o público poda descubrir a unha artista excepcional, e poder gozar de elementos pictóricos característicos da súa obra en movemento. A creación **dun poema visual acompañado por unha selección musical axeitada e unha iluminación precisa que pondere os elementos mais característicos e singulares da súa pintura.** Esta creación teatral ten o obxectivo fundamental de ser o punto inicial para coñecer e descubrir a súa obra e a súa vida, como exemplo de mente brillante e adiantada ao seu tempo, nun marco especial, no que a Real Academia das Artes adícalle o día das Artes Galegas a esta imponente artista de Viveiro.

Obxetivos concretos :

.Descubrir a figura de Maruxa Mallo ao público infantil e familiar.

.Resaltar e valorar unha das figuras femininas galegas mais importantes da arte

pictórica a nivel internacional.

Homenaxear a obra e a figura de Maruxa Mallo como artista e muller feminista, adiantada a súa época.

Crear un espectáculo teatral a partires da obra de Maruxa Mallo respetando os elementos esenciais da súa obra e dando a coñecer a súa arte dunha forma poética, didáctica e atractiva.

Desenvolver as capacidades de atención e interés e emotividade a través da arte teatral como canle para o coñecemento de Maruxa Mallo.

Crear interese na cultura e a arte galegas en xeral , utilizando o teatro como canle para chegar aos públicos.

Explorar outras canles de creación artística a través da propia arte aportada por Maruxa Mallo.

Poteanciar o desenvolvemento da creatividade natural nas primeiras fases da infancia.



EQUIPO DE TRABALLO

DRAMATURXIA E DIRECCIÓN:

Caramuxo teatro / Laura Sarasola e Juan Rodríguez.

Juan e Laura teñen unha ampla traxectoria creando espectáculos para Caramuxo teatro, tanto para a primeira infancia como para o infantil e xuvenil.

En 2016 gañan o María Casares a Mellor Espectáculo Infantil por “Feo” e dous dos seus espectáculos están incluídos como recomendados na “Red Nacional de Teatros”, “Na Casa” y “Zapatos”.

“Ela” nacerá dun traballo de varios meses de investigación sobre a figura de Maruxa Mallo.

Para a creación xogarase con diferentes técnicas:

- Danza e teatro físico.
- Poesía visual.
- Video mapping.
- Traballo de máscaras.
- Teatro de obxectos / Títere.
- Música.
- Luces e sombras.



ELENCO

Laura Sarasola:

Laura Sarasola é actriz , diplomada como mestra de educación primaria e co-directora de Caramuxo Teatro. Desde os inicios do seu traballo profesional como actriz no ano 2002 compaxinou a actividade interpretativa coa de mestra impartindo clases de teatro a nenos e adultos en diferentes centros educativos e socioculturais . Estivo becada pola Deputación da Coruña para formarse da man de Juan Pastor no centro de interpretación “Guindalera Escena Abierta” de Madrid, despois de estudar durante 5 anos con de Lino Braxe e Flor Maceiras . Tamen ten formación en voz , danza e títeres. Como actividade profesional ten traballado en teatro para adultos e para nenos, centrándose nos últimos anos na creación específica de espectáculos para público familiar como “Mensaxe sen botella”, “Pío” ou “Pavillón Lino” e particularmente en espectáculos multidisciplinares para bebés como “Zapatos”, “Ñam” ou “Na Casa” dentro de Caramuxo Teatro.



Juan Rodríguez

Juan Rodriguez e actor , técnico en educación infantil e co-director de Caramuxo Teatro. Dende os seus inicios traballa na creación teatral para nenos de entre 1 e 5 anos de idade, e por iso estrea en 2003 o que foi o primeiro espectáculo de bebés feito en Galicia: “Glub Glub”. Tamén compaxina a actividade teatral coa educación e as clases de teatro para nenos de idade infantil durante varios anos en diferentes espazos e entidades. Ten formación na manipulación e realización de títeres. Leva trece anos traballando en Caramuxo Teatro na creación e dirección de diferentes espectáculos como “Mensaxe sen botella”, “Lazarillo”, “Historia dunha semente” ou “Pavillón Lino” para público familiar e “Zapatos” , “Ñam”, ou “Na Casa” específicos para bebés. Con Caramuxo teatro tamén participa na serie audiovisual “Os Bolechas” da TVG.



Suso Jalda

Suso Jalda traballou en Sonart como técnico de luz e son durante varios anos. Como técnico de iluminación participou en festivais de teatro de títeres como o Galicreques e a desaparecida Feira de Teatro Galega. Tamén traballou durante dous anos como técnico da sala da Sgae en Santiago nos ciclos de teatro infantil. Realizou o deseño de luces para Circio no espectáculo “Baile de Soños” e fai case 6 anos traballa como deseñador e técnico de luces en Caramuxo Teatro, facendo o deseño de iluminación de espectáculos para bebés como “Ñam” e “ Zapatos” a parte de deseños para espectáculos para público familiar como “Pio” ou “ Mensaxe sen botella”. A súa primeira incursión como actor/ manipulador de monicreques foi co espectáculo “Mensaxe sen botella”, seguidamente participou tamén de actor/manipulador en “As fabas máxicas” ou “Feo” entre outros.



DESEÑOS: Carlos Comendador

Arquitecto e ilustrador que traballou con Caramuxo Teatro nas anteriores montaxes “Feo”, “Redondo”, “As fabas máxicas” e “Pavillón Lino”. En “Pavillón Lino” colaborou tamén facendo os deseños de vestiario. Como ilustrador ven de editar con Sallyboocks o libro “El Astronauta”.

ESCENOGRAFÍA, ATREZZO E VESTIARIO:

A escenografía xoga co movemento, de forma que se podan crear diferentes ambientes, que se poda xogar coa sorpresa, coas luces e sombras, coas entradas e saídas. Un elemento importante é a iluminación, que xunto co video mapping axudar a elaborar elementos máxicos e inesperados e forma parte da coreografía.

**MÁSCARAS: El Tigre de Papel**

“El Tigre de papel” é unha aula-obratorio adicada á estimulación da creatividade, a imaxinación e o inxenio. No seu obratorio a creatividade é tratada como un medio de autoexpresión, unha linguaxe do pensamento, que nos conduce á asociación de ideas que dan lugar a algo novo, orixinal. No plano académico, a arte e o desenvolvemento da creatividade proporciona a oportunidade de evolucionar e progresar por camiños que non se permiten en outras materias. O desenvolvemento non se logra só mediante a maduración das capacidades intelectuais.

“El tigre de papel” participou na realización das Máscaras de “Pavillón Lino” e na escenografía de “Redondo” de Caramuxo teatro.

VESTIARIO: Soledad Gómez

Soledad Gómez realizou o vestiario de espectáculos como “Pío”, “Ñam”, “Na Casa” o “Pavillón Lino”, este último con máis de 15 cambios de vestiario.

PROYECCIONS E VIDEO MAPPING: Dani Pais

Dani Pais é Diseñador de iluminación, técnico de luces, videocreador, proxeccionista, técnico de son, editor de video e deseñador gráfico, realizou diferentes traballos para Elefante Elegante entre os que destacan “Kassa”, “Encontros dos axóuxeres” ou “In”.

COREOGRAFÍAS E ASESORAMENTO: Carolina Palacios.**VÍDEO: Carlos Regueira.**

PROCESO DE CREACIÓN

“Ela” tivo un proceso de creación diferente aos outros espectáculos estreados anteriormente por Caramuxo teatro, xa que antes necesitou un profundo traballo de investigación, de xogo coas formas, coas luces, cos obxectos, co movemento. Un espectáculo de este tipo require un proceso de proba, de correxir, investigar, de amosar pequenos avances ao público.

Por todo isto optamos por unha residencia de investigación inicial no Museo de Belas Artes da Coruña e outra residencia posterior técnica no Fórum Metropolitano, máis cercana a estrea.



**ESTREA: 6 DE OUTUBRO DE 2017 EN TODOPÚBLICO
(FÓRUM METROPOLITANO)**

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO

Recomendado para máis de 4 anos.

En función escolares: Primaria e Secundaria.

DURACIÓN

40 minutos aproximadamente.

SINOPSE

"ELA" é a nova proposta de Caramuxo teatro para tódolos públicos. "Ela" crea un mundo fantástico a través das cores, a arte e o universo creativo da pintora Maruxa Mallo. unha mistura de poesía, humor, teatro e danza onde descubrir o imaxinario desta muller excepcional. un poema plástico para gozar en familia.

IMAXES DO ESPECTÁCULO













+++tallo

© Maruja Mallo, VEGAP, A Coruña, 2017

IMAXES E CADROS NOS QUE SE INSPIROU O ESPECTÁCULO





CARAMUXO TEATRO S.C.

Travesía de Meicende 220, nave 2. 15008 Arteixo (A Coruña).

699521803 / 610848781

www.caramuxoteatro.net